


Adaptación dos procedementos técnicos na presentación dos plans plurianuais

Persoal técnico da Consellería do Mar relacionado cos plans e
persoal técnico das entidades asociativas.

EGAP; 10/07/2020

Avaliación dos plans

Resumo de deficiencias nos novos plans de recursos específicos



Total de novos plans e número de plans sen obxectivos ou sen estratexias




Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Incoherencias entre obxectivos xerais e operacionais
- Incoherencias entre obxectivos e variables
- Incoherencias en variables e unidades
- Deficiencias ou ausencia de fonte
- Estratexias non válidas ou incoherentes
- Ausencia de valores
- Ausencia de niveis de referencia

Avaliación dos plans

Resumo de deficiencias



Incoherencias ou información non válida en cada tipo de obxectivo, estratexia, variables, valores e fontes nos plans que presentan obxectivos

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Incoherencias entre obxectivos xerais e operacionais
- Incoherencias entre obxectivos e variables
- Incoherencias en variables e unidades

Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades
Incrementar/ manter a calidad das capturas	Incrementar/manter a abundancia en primavera			
Aumentar/ manter a biodiversidade nos bancos marisqueiros	Mellorar/manter as características do substrato	Presenza de lixo mariño	Días anuais de limpeza de lixo	días
			Porcentaxe de mostras con presenza de lixo mariño	días
Xerar postos de traballos directos na zona	Aumentar/Manter o número de participantes	Participantes previstos no plan	€/participante/ano	€
Diversificar os ingresos do marisqueo	Incrementar/Manter o prezo medio da especie obxectivo	Prezo medio da especie obxectivo	Prezo medio anual	€

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Incoherencias entre obxectivos xerais e operacionais
- Incoherencias entre obxectivos e variables
- Incoherencias en variables e unidades

O procedemento proposto era empregar como guión a presentación do curso de adaptación dos procedementos técnicos celebrado a finais de 2019 para coñecer as diferentes opcións de obxectivos estándar para cada tipo de recurso, e as variables, unidades e fontes correspondentes.

Para axudar a presentar os obxectivos elaborouse un excel no que se podían seleccionar as diferentes opcións pero estas non estaban relacionadas, as relacións debían guiarse pola presentación do curso. O excel non foi suficientemente intuitivo e o seu uso xerou a maior parte dos problemas de incoherencia.

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Deficiencias ou ausencia de fonte

No curso de adaptación do procedementos técnicos definíase a fonte como o documento onde pode consultarse a evolución do indicador e nivel de referencia.

A maioría dos obxectivos e indicadores estándar son recollidos nos formulario AT0 e AT2 e nos anexo FEMP.

Cando se elixen obxectivos e/ou indicadores non estándar debe sinalarse a fonte onde se pode facer o seguimento.

Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte	Outra fonte	Notas
Incrementar/manter a abundancia en primavera	Índice de abundancia total en primavera	Biomasa	kg peso fresco	Outra:	Estudos de estimación de biomasa realizados por técnicos de Kombu del Cantábrico	Debería citar o título do estudio
Minimizar os descartes nas capturas por non axustarse aos estándares de calidade	Porcentaxe de exemplares descartados	Porcentaxe de exemplares descartados	%	Outra:	Confraría	AT2
Incrementar/ Manter o esforzo de limpeza de lixo mariño	Presenza de lixo mariño	Días anuais de limpeza de lixo	días	Outra:	Plan de Explotación Kombu del Cantábrico, S.L.	Debería ser un documento diferente ao plan. Un informe más completo das tarefas realizadas e resultados acadados

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Estratexias non válidas ou incoherentes

No curso de adaptación do procedementos técnicos as estratexias definíanse como ferramentas habituais na regulación da xestión e as actividades marisqueiras non exclusivamente extractivas


	Obxectivo xeral	Estratexias
Para ...	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar/manter a abundancia en outono 	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer vedas temporais en primavera
Imos ...	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar/manter a calidad das capturas (calidade dende o punto de vista do producto ofertado, da saúde do stock, do impacto no medio ...) 	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer un tamaño mínimo superior ao establecido • Incrementar os controis en lonxa • Incrementar a formación e a información dos mariscadores
	<ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a biodiversidade nos bancos 	<ul style="list-style-type: none"> • Executar proxectos de remoción de substrato • Incrementar labores de limpeza de acumulación de algas
	<ul style="list-style-type: none"> • Diversificar os ingresos a través de actividades non extractivas 	<ul style="list-style-type: none"> • Poñer en marcha actividades de divulgación e/ou turismo

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Estratexias non válidas ou incoherentes

Poden ser ligadas á evolución dos indicadores



% exemplares descartados:

<10% → Favoréces o mantemento/aumento do stock --> Non facer cambios
>10% → Incrementar os controis en lonxa; Incrementar a formación e a información dos mariscadores PREVIA Á EXPLOTACIÓN; REDUCIÓN DO ESFORZO; ROTACIÓN ZONAS.

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Estratexias non válidas ou incoherentes

Poden ser non ligadas á evolución dos indicadores

Estratexias empregadas acotío na xestión dos bancos marisqueiros:

- Calendario de extracción asociado á bioloxía ou aos prezos
- Rotación de zonas
- Establecer vedas temporais en primavera
- Adoitar un tamaño mínimo superior ao establecido
- Puntos de control de cotas e tamaños
- Incrementar os controis en lonxa
- Controis de tamaño
- Reducir o esforzo pesqueiro en bancos con dominancia de exemplares pequenos.
- Incrementar a formación e a información dos mariscadores
- Executar proxectos de remoción de substrato
- Incrementar labores de limpeza de acumulación de algas
- Incrementar a formación e a información dos mariscadores
- Poñer en marcha actividades de divulgación e/ou turismo

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Estratexias non válidas ou incoherentes

Xeralmente non deben ser procedementos a non ser que persiga o establecemento de boas prácticas, e deben estar ligadas aos obxectivos

Non válida:

Toma de mostras das capturas. A cada mostra realizaránselle medidas de pesos. A metodoloxía a usar para o peso dos individuos será a seguinte:

1. Cada mostra contarase o numero de individuos.
2. Deixaranse secar durante tres minutos para eliminar auga.
3. Pesanse unha a unha
4. Unha vez obtidas as pesaxes introduciranse no correspondente AT para levar un rexistro e manter un control nas capturas.

Válida:

A recollida das especies de xeito que o crecemento da especie poida ser estable a pesares da recolección. As Laminarias serán recollidas só cando acaden mais de 1 m de lonxitude, cortando por encima do meristema. Codium, recollerase sempre en tallas superiores a 10 cm. A correa será cortada deixando intacto o disco basal. A leituga de mar, apañarase a man, deixando unha porcentaxe de exemplares no mar.

Durante todas as saídas de recolección, controlarase o tamaño das especies. Ademais realizaranse estimacións de biomasa na zona en cuestión para axustar os quilos recollidos.

Manter presente a “filosifía” para ... imos ...

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Estratexias non válidas ou incoherentes

Exemplo de estratexia ligada a un obxectivo de redución da presenza de lixo

Non válida:

Para acadar este obxectivo, entrevistarase diariamente aos mergulladores preguntandolle pola presenza ou ausencia de lixo nas zonas de traballo.

O obxectivo é reducción de lixo, non detección ou cuantificación. Podería ser válida se se plantexara como unha acción do primeiro ano para coñecer a distribución e tipo de lixo pero seguida de accións de retirada nos seguintes anos.

Válida:

En cada saída para a realización de mostraxes así como recollida de algas, os técnicos realizarán recollidas do lixo mariño atopado nas zonas de recolección e muestreo. O lixo recollido será pesado para estimar o volumen, e será entregado a xestor autorizado.

Sería mais se completa achegar os datos do lixo retirado, incluíndo un indicador de tratamento de lixo mariño: variables volume ou peso.

Manter presente a “filosofía” para ... imos ...

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Ausencia de valores para os vindeiros anos
- Ausencia de niveis de referencia

A ausencia de niveis de referencia é máis grave porque pode estar denotando o descoñecemento do estado do recurso.

Niveis de referencia

Fixados en función de valores históricos de plans anteriores no mesmo o semellantes ámbitos territoriais ou da bibliografía.


Entendidos como niveis obxectivo; situación á que se desexa chegar, non como valores a evitar ou detonantes de cambios de estratexia

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Ausencia de valores para os vindeiros anos
- Ausencia de niveis de referencia

Valores históricos de plans anteriores



- Os plans de nova presentación non teñen información previa agás nos casos en que se realizan avaliaciós de stock.
- Probablemente hai poucas referencias bibliográficas que poidan ser aplicadas.
- Poden consultar aos técnicos doutras entidades con máis experiencia na explotación do recurso en cuestión

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Ausencia de valores para os vindeiros anos
- Ausencia de niveis de referencia

Nova versión dos AT0 e AT2

- Para plans con datos previos.
- Permite consultar información asociada aos indicadores estándares e outros realizados “a medida”.
- Permite o volcado a unha base de datos para a consulta de datos doutras entidades e plans.

Grao de implantación

- Até o momento son moi poucos os técnicos que traspasaron os datos da versión antiga á nova e moitos inda subiron datos novos na versión antiga.
- Existe unha alta porcentaxe de modelos AT subidos sen datos ou con datos deficientes.

Avaliación dos plans

Tipos de deficiencias

- Ausencia de valores para os vindeiros anos
- Ausencia de niveis de referencia


Aplicación dos AT0 e AT2. Caso da anémone

Avaliación dos plans


Aplicación dos AT0 e AT2. Caso da anémone

Prezo medio anual (€/kg)


Cangas



A Coruña



O Grove



- Diferente nivel de referencia para o prezo segundo a zona.
- Clara candidata á sobrepesca económica.


Avaliación dos plans

José Manuel Parada Encisa
paradajm@gmail.com


Aplicación dos AT0 e AT2. Caso da anémone

CPUE anual media (kg/pers/día)




Cangas



A Coruña



O Grove



- Diferente evolución en cada zona, pero tendencia xeral ao axuste a partir do terceiro ano.
- Unha boa referencia para fixar os topes de captura cando no hai datos previos.

Avaliación dos plans

Aplicación dos AT0 e AT2. Caso da anémone

Este tipo de análise só será posible cando os modelos AT estean convertidos á nove versión para facilitar a súa conversión en base de datos consultable polos técnicos de diferentes entidades

Avaliación dos plans

Mínimos exixibles nos novos plans

- Coherencia entre obxectivos, indicadores, variables, unidades e estatexias.

Solución inmediata: Nova planilla excel más intuitiva e coas variables interrelacionadas.

- Indicar fonte.

Se se trata de plans de nova creación as fontes poden ser consultas a técnicos doutras entidades. En todo caso, cando se trate de resultados derivados doutros traballos ou informes deben referilos cando menos polo título e, a poder ser, xuntalos ao plan. Se se contempla a actualización da fonte (planilla ou ferramenta de seguemento da actividade), debe estar accesible.

- Estratexia.


Breve resumo das accións ou medidas que contempla o plan para acadar os obxectivos de cada bloque. A estratexia revela o grao de compromiso da entidade cos obxectivos do plan.

- Nivel de referencia.

De non contar con datos propios pode ser consultado cos técnicos das entidades con máis experiencia na explotación do recursos en cuestión.

Adaptación de plans anteriores

O PROCEDIMENTO DESEXABLE:



Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

Cando se trata de dar continuidade da plans existentes. Se os recursos non presentan problemas especiais a adaptación pode consistir nun simple cambio de forma:

PARA acadar
este obxectivo
IMOS adoitar
esta estratexia

PARA que
facemos isto
que describimos
no plan?



OBXECTIVOS

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

- Ampliación de nº de PERMEX: 12

Obxectivo xeral

Xerar postos de
traballo directos
na zona

Obxectivo operacional

Aumentar/Manter
o número de
participantes

Estratexias

Solicitarase a apertura para o porceso de
incorporación de novos permex para o
mes de outubro de 2019 (texto tomado do
plan actual)

Rexuvenecer o
sector do
marisqueo

Reducir a media de
idade dos
participantes

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

4.1.1.- Rareos e traslados

Especies Obxectivo	Epocas previstas	Zonas de orixe	Zonas de destino	Metodoloxía
Tódalas especies,	Todo o ámbito do plan	bancos menos produtivos	bancos más produtivos	traballo manual

- Operacións previstas (Semicultivo):

Rareos e traslados manuais de tódalas especies dende os bancos menos produtivos aos más produtivos.



Obxectivo xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Estratexias
-----------------	-----------------------	-----------	-------------

Incrementar/manter o stock

Incrementar/manter a abundancia en outono

Índice de abundancia total en outono

Empregar como valores os que estima nos obxectivos de produción do plan, e como nivel de referencia a produción máxima do histórico do plan

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

4.1.2.- Operacións de limpeza de algas e outros materiais prexudiciais para ó marisco

Épocas previstas	Zonas previstas	Metodoloxía
Primavera e verano	Todo o ámbito do plan	retirada manual e aluguer dun tractor para a recollida

4.1.3.- Traballois de acondicionamento do substrato por arado do terreo

Épocas previstas	Zonas previstas	Metodoloxía
No primeiro trimestre do ano	zonas compactadas do banco	Arado con tractor

- Operacións previstas (Semicultivo):

Durante a primavera e verán realizaranse limpezas de algas mediante retirada manual con apoio dun tractor alugado.

No primeiro trimestre do ano realizaranse labores de acondicionamento do substrato mediante arado cun tractor das zonas compactadas.



Obxectivo xeral **Obxectivo operacional** **Indicador** **Estratexias**

Aumentar/manter a biodiversidade nos bancos marisqueiros

Mellorar/manter as características do substrato

Oxigenación
Variable: Profundidade mínima da capa de cambio redox

Empregar como valores e nível de referencia os recollidos en sedimentos de grano semellante. De carecer deles, un valor óptimo para sedimentos orixinalmente

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

4.1.2.- Operacións de limpeza de algas e outros materiais prexudiciais para o marisco

Épocas previstas	Zonas previstas	Metodoloxía
Primavera e verano	Todo o ámbito do plan	retirada manual e aluguer dun tractor para a recollida

4.1.3.- Traballo de acondicionamento do substrato por arado do terreo

Épocas previstas	Zonas previstas	Metodoloxía
No primeiro trimestre do ano	zonas compactadas do banco	Arado con tractor

- Operacións previstas (Semicultivo):

Durante a primavera e verán realizaranse limpezas de algas mediante retirada manual con apoio dun tractor alugado.

No primeiro trimestre do ano realizaranse labores de acondicionamento do substrato mediante arado cun tractor das zonas compactadas.



Obxectivo xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Estratexias
Incrementar/manter o stock	Incrementar/manter a abundancia en outono	Índice de abundancia total en outono	

Empregar como valores as estimacións de abundancia total correspondentes ás estimacións de producción e como nivel de referencia a abundancia máxima en bancos semellantes.

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

- Outros traballos:

Debido á caracterización microbiolóxica como zona C do banco XXX; realizaranse traslados de ameixa xaponesa e fina dende este banco ao banco ZZZ, catalogado como zona B; onde permanecerán durante un período de 2 meses.

Traballos de semicultivo e repoboación cunha fase de preengorde, nunha instalación experimental da confraría, dende 4-6 mm a 15 mm. Durante esta fase as mariscadoras realizarán tarefas de peneirado, clasificación, desdobre e limpeza

Obxectivo xeral

Incrementar/manter o stock

Obxectivo operacional

Incrementar/manter a abundancia en outono

Indicador

Índice de abundancia total en outono

Estratexias



Empregar como valores as estimacións de abundancia total correspondentes ás estimacións de producción e como nivel de referencia a abundancia máxima en bancos semellantes.

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

4.2.- ACCIÓNS DE COIDADO, CONTROL, SEGUIMENTO, PROTECCIÓN E VIXILANCIA DOS BANCOS MARISQUEIROS

Descripción

Ao longo do ano, a directiva da agrupación de mariscadoras deseñará xunto coa asistencia técnica un programa de cuidados e protección dos bancos marisqueiros, dependendo das necesidades de cada momento. Por exemplo, limpeza de algas ou control de depredadores se fora necesario, así como control de *Zoostera noltii* en zonas produtivas (no caso de proliferacións masivas)

Obxectivo xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Estratexias
Incrementar/manter a capacidade reprodutora do stock	Incrementar/manter o índice de biomasa de reprodutores	Índice de biomasa de reproductores en primavera	
Empregar como valores as estimacións de biomasa e como nivel de referencia a abundancia máxima en bancos semellantes.			
Obxectivo xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Estratexias
Aumentar/manter a biodiversidade nos bancos marisqueiros	Mellorar/manter as características do substrato	Oxigenación Variable: Profundidade mínima da capa de cambio redox	
Empregar como valores e nível de referencia os recollidos en sedimentos de grano semellante. De carecer deles, un valor óptimo é 2 cm.			

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

4.3.- ACCIÓNS FORMATIVAS PARA UNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS (Cursos, xornadas, charlas, etc.)

Tipo de actividad	Destinatarios	Breve descripción
-------------------	---------------	-------------------

Xornada formativa	agrupación de marisqueo a pé	O obxectivo destas xornadas, dirixidas a tádallas mariscadoras, por grupos i en varias datas, sería de dotar dun coñecemento básico das especies presentes nos bancos marisqueiros a nivel macroscópico. Resulta fundamental nas líneas estratégicas da política medioambiental da Unión Europea, en relación á conservación do hábitats e os ecosistemas, que as persoas que diariamente acuden aos bancos para realizar tarefas extractivas que acaden un coñecemento básicos daqueles organismos que forman parte dese ecosistema.
-------------------	------------------------------	---

Obxectivo xeral

Obxectivo operacional

Estratexias

Outros:
Incrementar a
participación proactiva no
desenvolvemento do plan

Mellorar o coñecemento
da bioloxía das especies

Poden empregarse como valores a estimación do número de participantes nos cursos e como referencia o total de participantes no plan.

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

8.1.6.- Indicar se existirá simultaneidade con extracción de poliquetos a pé.

✓ A extracción de poliquetos a pé poderá ser simultánea coa de moluscos bivalvos a pé nas mesmas datas, zonas e horario

8.2.4.a.- Breve xustificación

Establécese 20 días de topes especiais de capturas preferentemente para o período de Nadal ou outras épocas de alto prezos no mercado. No caso do berberecho o tope máximo de 15 kg en 20 días refirese a unha necesidade de vender o stock por unha inminente mortalidade por martellos.

Obxectivo xeral

Mellorar os ingresos do plan

Obxectivo operacional

Incrementar/Manter os ingresos totais anuais

Estratexias



Poden empregarse como valores a estimación de ingresos e como referencia o máximo histórico.

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

- Puntos de control

Obxectivo xeral

Incrementar/manter
calidade das capturas

Obxectivo operacional

Incrementar/manter o
tamaño dos exemplares
capturados

Indicador

Reducir/manter a presenza
de exemplares non
comerciais nas capturas.

Estratexias

Organización ou
descripción breves dos
funcionamento dos
puntos de control.

Empregar como valores os que se consideren razonables á vista dos resultados
dos controis de tamaño de anos anteriores, e como nível de referencia o tamaño
máximo e a procentaxe de non comerciais históricos do plan

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

Arte	Características
8.7.3.- Restriccóns na técnica de extracción	
Métodos ou elementos prohibidos:	
Épocas/periodos:	
En determinadas épocas do ano e por aprobación da xunta directiva da Agrupación de mariscadoras, poderase restrinxir o uso do "janchelo" en detrimento do rastro ou raño, pola necesidade de traballar mellor unha zona.	



Aumentar/manter a biodiversidade nos bancos marisqueiros

Mellorar/manter as características do substrato

Oxixenación
Variable: Profundidade mínima da capa de cambio redox

Empregar como valores e nível de referencia os recollidos en sedimentos de grano semellante. De carecer deles, un valor óptimo é 2 cm.

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

* Datos extraídos de plans reais actuais

8.8.2.-Tamaños de comercialización, no caso de ser superiores aos tamaños mínimos legais

Especie	Tamaño mínimo	Unidade	Observacións
Ameixa babosa, <i>Vennerupis cornuta</i>	35	mm	Orde 27 de Xullo de 2012
Ameixa xaponesa , <i>Ruditapes philippinarum</i>	40	mm	Decisión da Agrupación

Obxectivo xeral

Incrementar/manter
calidade das capturas

Obxectivo operacional

Incrementar/manter o
tamaño dos exemplares
capturados

Indicador

Tamaño medio dos
exemplares capturados

Estratexias



Empregar como valores unha previsión da evolución dos tamaños de captura e como nivel de referencia o tamaño medio das capturas de especies con tamaños de captura semellantes.

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

- * Datos extraídos de plans reais actuais

8.9.- ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS DE MANTENEMENTO DAS CONDICIÓNNS DO HÁBITAT E/OU MELLORA DA PRODUCCIÓN

8.10.- ORGANIZACIÓN DAS ACCIÓNS DE CONTROL, PROTECCIÓN OU VIXILANCIA DOS BANCOS MARISQUEIROS

Calquera plan de xestión que inclúa traballos e actividades en calquera destes apartados leva implícitos obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e/ou socioeconómicos (estándar ou non).

Adaptación de plans anteriores

Adaptación de plans anteriores ao novo modelo

Lembrar que non é preciso indicar unha estratexia por cada obxectivo senón por bloques de obxectivos.